

A Sociedade Galega do Medio Ambiente comeza hoxe a impartición dun novo **curso avanzado de formación en liña (“A xestión dos residuos urbanos na economía circular”)** que, neste caso, orientará ao profesorado de distintos niveis educativos dependente da Xunta de Galicia co obxectivo de instruílo na xestión sostible dos residuos urbanos tomando como referencia os preceptos que rexen a economía circular.

Limitado a medio cento de prazas, a actividade impartirase a través da plataforma tecnolóxica do Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI), dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

### **CONTIDOS, ORGANIZACIÓN E ALCANCE**

Cunha duración de 50 horas lectivas, o curso está estruturado en 10 temas a través dos cales se aborda a problemática que representa a inxente produción de lixo nas sociedades modernas, abundando na necesidade de avanzar cara a unha nova sociedade do reciclado capaz de poñer en valor os residuos e limitar o consumo irracional de recursos, tendo como horizonte chegar ao vertido cero.

O marco normativo de referencia, no que adquire peso o Plan Estatal Marco de Residuos 2016-2022, así como o Plan Galego de Xestión de Residuos Urbanos 2010-2020, e a actividade empresarial de Sogama, facendo referencia ao seu programa de compostaxe doméstica e á valorización enerxética da fracción non reciclable, veñen a complementar os contidos que conforman a actividade formativa, na que tamén se prestará especial atención á educación ambiental da poboación e ao importante papel que poden chegar a desempeñar os cidadáns como auténticos axentes do cambio.

Dous son os titores que permanecerán en todo momento ao servizo dos alumnos para organizar os conceptos a transmitir, estruturar os contidos e dinamizar o intercambio de coñecementos e experiencias. Para isyo farase uso dun foro específico no que os participantes poderán deixar constancia das súas observacións, comentarios, propostas e reflexións sobre hábitos de vida e a importancia de poñer en práctica cada día o principio dos tres erres: reducir a cantidade de refugallos producidos a través de compras responsables; reutilizar e aproveitar ao máximo os produtos ata esgotar a súa vida útil; e participar activamente no sistema de recollida selectiva a través da correcta separación dos residuos en orixe e posterior depósito nos contedores apropiados para posibilitar o seu posterior reciclado e, xa que logo, a súa transformación en novos artigos de utilidade.

Para completar o curso, os alumnos deben superar os correspondentes test de avaliación asociados a cada tema, debendo desenvolver igualmente unha actividade complementaria baseada nos principios da economía circular.

## **DE USAR E TIRAR, A TIRAR E USAR**

No seu saúdo, o presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino, refírese a este curso como un pequeno gran de area na construción dun novo modelo de desenvolvemento no que cobra todo o seu sentido o principio dos tres erres (redución, reutilización e reciclaxe) e no que os residuos sexan concibidos como recursos de valor. De aí que apele a formas máis innovadoras e eficientes de producir e consumir nas que prime o ecodeseño, a responsabilidade ampliada do produtor e a educación ambiental da poboación.

Entende que o profesorado constitúe un pilar fundamental na formación dos pequenos de hoxe e adultos do mañá, aos cales tamén corresponderá adoptar decisións importantes no ámbito medioambiental e a loita contra o cambio climático.

É por isto que confía en que con este curso, os docentes de primaria descubran o verdadeiro sentido do único modelo de desenvolvemento que nos permitirá ter esperanza nun mundo mellor: a economía circular e a imperiosa necesidade de abandonar a cultura de usar e tirar.

A día de hoxe, máis de 500 persoas de distintos perfís profesionais (políticos, técnicos, policía, gardas civís, profesores, etc) participaron, con excelentes resultados, nos cursos de formación en liña promovidos por Sogama durante os últimos anos.